



CABALGATA DAS VALQUIRIAS

WAGNER

FICHA TÉCNICA DA OBRA

- ★ TÍTULO DA OBRA: Cabalgata de las Valquirias
- ★ AUTOR: Richard Wagner
- ★ ANO DA COMPOSIÇÃO: 1856
- ★ PERÍODO MUSICAL: Romantismo
- ★ FORMA MUSICAL: Música escénica, ópera
- ★ FUNCIONALIDADE: Composta para o seu desfrute.
- ★ VERSÃO ESCOITADA: Cabalgata de las valquirias



BIOGRAFÍA DO AUTOR:

Richard Wagner naceu o 22 de maio en 1813, e morreu o 13 de febreiro en 1883. Foi un compositor, director de orquestra, poeta, ensaísta, dramaturgo e teórico musical alemán do Romanticismo. Destacan principalmente a súas óperas nas que a diferenza de outros compositores, asumiu tamén o libreto e a escenografía.

Transformou o pensamento musical coa idea de “obra de arte total”, a síntese de todas as artes poéticas, visuais, musicais e escénicas, que desenvolveu nunha serie de ensaios entre 1849-52, e que plasmou na primeira metade da súa monumental tetraloxía El anillo del nibelungo. A pesar de iso, as súas ideas sobre a relación entre a música e o teatro cambiaron novamente e reintroduxo algunhas formas operísticas tradicionais nas obras da súa última etapa. As obras de Wagner, concretamente nas do seu último período, destacan pola súa textura contrapuntística, riqueza cromática, harmonía, orquestración e un elaborado uso dos leitmotivos. Wagner foi pioneiro en varios avances da linguaxe musical e iso influíu no desenvolvemento da música clásica europea.

A súa ópera Tristán e Isolda descríbese a veces como punto de inicio da música académica contemporánea. A influencia de Wagner estendeuse á filosofía, á literatura, ás artes visuais e ao teatro. Logrou todo isto a pesar de ter unha vida que se caracterizou ata as últimas décadas polo exilio político, relacións amorosas turbulentas, pobreza e repetidas fuxidas dos seus acredores.



ANÁLISE MUSICAL DA OBRA:

La Cabalgata de las Valquirias é o principio do terceiro acto de un gran drama musical en tres actos con texto e música de Richard Wagner chamado La Valquiria, estreada en Munich no ano 1870. Forma parte de unha tetraloxía titulada El anillo del Nibelungo formada por:

- El oro del Rin
- La Valquiria
- Sigfrido y El ocaso de los dioses

Foi descrito polo propio compositor como un “festival de teatro para tres xornadas e unha tarde preliminar”.

- **A melodía** destaca pola súa potencia e o seu impulso ascendente. O motivo é breve e caracteriza a potencia que representan as valquirias.
- Un procedemento melódico que permite seguir o fio dramático a través das melodías é o **leitmotiv**. Este consiste nun tema principal asociado a unha persoa, cousa ou idea co que se pode seguir este elemento ao longo de toda a obra, ver a súa transformación, observar as relacións con outros obxectos, etc. Este elemento será de gran importancia na música posterior, como por exemplo na música cinematográfica.
- **O compás** é de 9/8.
- **O tempo** animado, con un **ritmo** flexible adaptado á expresividade do drama.
- **A intensidade** predomina o forte, coincidindo coa tensión da escena, aínda que as variacións son constantes e bruscas, propias do Romanticismo.
- En canto ao **timbre** destaca a rotundidade de unha orquestra que se compón inicialmente de corda fretada, madeiras (2 flautíns, 2 flautas baixo, 3 oboes, corno inglés, 3 clarinetes, clarinete baixo e 3 fagots) e 4 trompas nos metais. Máis adiante incrementaranse os metais con 4 trompas máis, 3 trompetas, 1 trompa baixo, 4 trombóns e 1 tuba. Añádense ademais 6 arpas e varios instrumentos de percusión (platillos, triángulo, timbais e tambor redoblante). Na voz son 8 cantantes (sopranos e mezzosopranos). O máis característico do timbre é que o tecido orquestral e a voz non se poden separar, deben de formar un todo, polo que as voces wagnerianas son sempre moi poderosas, xa que deben integrarse e á vez sobrepoñerse a unha poderosa orquestra romántica.

- A **textura** é moi densa, lexos da facilidade de melodía acompañada da ópera italiana, que aparece solo nalgunhas pasaxes. Tamén se emprega a homofonía cando se pretende potencia e rotundidade ou incluso o contrapunto cando se contraponen motivos diferentes na voz e na orquestra.
- En canto á **estrutura** de este fragmento concreto Wagner utiliza unha gran variedade de motivos, en xeral breves que distribúe polos diferentes grupos tímbricos para componse unha páxina con unha enorme potencia e evocación. Na estrutura xeral da obra, a música desenvólvese de forma continuada a través de cada acto e non está formalmente dividida en recitativos, arias e outros números pechados. Aínda así persiste unha certa división entre escenas, puntuacións orquestrais, etc.
- O **xénero** está creado por Wagner, o **drama musical**, que supuxo unha solución ao problema de texto, música e escenografía. O ideal que goberna esta forma wagneriana é a unión total entre drama e música; ambas son expresións vinculadas de unha sola idea dramática, a diferenza da ópera convencional na que predomina o canto e o libreto, serve principalmente para dar estrutura á música.

Outras curiosidades sobre esta obra:

Esta obra que está constituída por unha música de gran beleza, foi utilizada como instrumento de propaganda do réxime nazi. Concretamente, foi empleada para alentar aos soldados antes de entrar en combate, en noticieiros de guerra e nos documentais onde se veían os bombardeos da Luftwaffe. La Cabalgata de las valquirias, foi o telón de fondo de unha mensaxe que pretendía calar nos soldados alemáns: dar a vida pola súa nación era conseguir a gloria. Ademais de isto tamén foi moi empregada como banda sonora no mundo do cine.

Opinión persoal

Cabe dicir que esta obra si que compre a súa funcionalidade e que ademais moitos outros artistas recurriron a ela sendo utilizada para diferentes ámbitos cinematográficos como series, películas...

Persoalmente, ao escoitar a obra, o ton ao ser forte transmite unha sensación de poderío e enerxía ante calquer tipo de enfrontamento ou situación. É unha canción que impón e a verdade é que ao analizala poden apreciar máis a fondo o que transmite.